

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 28 de setembro de 2022

Hora de comezo: 11:00 h

Hora de remate: 12:00 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

Juan Jesús Rico Fuentes (alumno)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

INVITADOS

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, se procede, da política e obxectivos de calidade da EIDO 2022/2026

DELIBERACIÓNS

1 **Aprobación, se procede, da política e obxectivos de calidade da EIDO 2022/2026**

Apróbase por asentimento a seguinte Estratexia da EIDO 2022/2026:

- Declaración da Misión
 - A Escola Internacional de Doutoramento (Eido) da Universidade de Vigo é un centro de educación superior universitaria que ten o propósito de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e as actividades propias do doutoramento, chamadas a representar un papel esencial no modelo de formación doutoral con base na universidade, pero impulsando a colaboración con outros organismos, entidades e institucións implicadas na I+D+i tanto nacional como internacional.
 - En coherencia co Plan Estratéxico da UVigo, persegue este reto mediante unha ensinanza e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e á transferencia de coñecemento ao tecido socioeconómico e empresarial, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade en xeral e a galega en particular, pluricultural e plurilingüe na que se insire.
- Visión: Posicionar a Eido como un centro de formación de referencia na nosa contorna, na eurorrexión e con proxección internacional, a través dunha formación integral dos seus egresados e egresadas que contribúa a mellorar a vida das persoas e da súa contorna socioeconómica.
- As seguintes liñas estratéxicas conforman a política de calidade da escola:
 - Desenvolver un modelo de goberno transparente e participativo, baseado nun comportamento ético e con especial atención ás singularidades e á responsabilidade social e sostibilidade
 - Manter unha oferta formativa axustada ás demandas da sociedade en xeral e galega en particular, sostible e con altos niveis de calidade nos seus programas, sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, no espírito crítico e na capacidade de análise e de reflexión.
 - Alcanzar o recoñecemento, o posicionamento e a visibilidade nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nacionais e internacionais mediante a excelencia na formación, así como na investigación e na transferencia de coñecemento e, ao mesmo tempo, fomentando a sustentabilidade e a Axenda 2030 na investigación.
 - Captar estudantado con talento, impulsar a internacionalización e a multiculturalidade.
 - Consolidar unha cultura da calidade e de sostibilidade centrada na satisfacción integral do estudantado e do persoal, a través dunha xestión eficaz e da consideración de estándares de calidade e de sostibilidade, en particular, dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) aprobados polas Nacións Unidas.
 - Acadar un compromiso permanente de mellora como norma de conduta, e propoñer e desenvolver as accións necesarias para o mantemento e a mellora da calidade.

As novas tendencias detectadas no grupo de traballo do proceso Dirección Estratéxica foron:

- Integración laboral dos estudantes de doutoramento como investigadores que lideren a produción de coñecemento e innovación
- Difusión das actividades de doutoramento
- Implicación da oferta de estudos de doutoramento na Axenda 2030 e nos ODS
- Satisfacción coa atención inclusiva ou vulnerabilidade

Con estas tendencias e revisando os actuais obxectivos de calidade, a Comisión de Calidade aproba os seguintes obxectivos de calidade da EIDO 2022/2026:

1. Obter a acreditación institucional da EIDO (Metas Certificación do Sistema de Garantía de Calidade en 2023 e Acreditación Institucional por parte da ACSUG en 2024)
2. Mellorar a satisfacción do alumnado e dos restantes axentes implicados na formación doutoral, xerando un marco de confianza e de seguridade que facilite o progreso do alumnado, que evite o abandono, que mellore os seus resultados académicos, con atención inclusiva e ás vulnerabilidades e que o sitúe nunha posición de vantaxe competitiva ante a súa inserción no ámbito laboral ou de investigación para liderar a produción de coñecemento e innovación (Meta nas enquisas 3,8 para 2022, 3,85 para 2023, 3,9 para 2024, 3,95 para 2025 e 4 para 2026)
3. Afianzar a internacionalización e multiculturalidade dos programas mediante a colaboración con universidades e con outras institucións de educación superior e a captación dos estudantes con mais talento facilitando a captación de estudiantado internacional (Meta de Mencións Internacionais en tódolos anos do 50% e Meta de Estudantes Internacionais 28% para 2022, 29% para 2023, 30% para 2024, 30,5% para 2025 e 31% para 2026)
4. Mellorar a formación do persoal na calidade en doutoramento (Meta en tódolos anos de formación das áreas académicas 100%, das CAPD 90% e 1 actividade/ámbito para estudantes)
5. Implicación e difusión da oferta de estudos de doutoramento e das súas actividades, especialmente no relacionado coa Axenda 2030 e cos ODS (Meta das teses defendidas que teñan relación con algún ODS, 9% para 2022, 13% para 2023, 17% para 2024, 21% para 2025 e 25% para 2026)
6. Co fin de posicionar á Universidade de Vigo como unha institución de investigación de referencia na nosa contorna, na rexión e na Eurorrexión, promoverase que o persoal investigador en formación desenvolva unha actividade investigadora de calidade en aberto para aumentar a visibilidade no ámbito internacional da actividade investigadora e da transferencia de resultados (Meta 2 para 2022, 2,5 para 2023, 3 para 2024, 3,5 para 2025 e 4 para 2026 de número de contribucións científicas por estudante egresado nese ano)

ACORDOS

1 Apróbase e trasládase ao Comité de dirección a Estratexia da EIDO 2022/2026 e os Obxectivos de calidade da EIDO 2022/2026

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente